

12 marzo

PAN. CATRO PROPOSTAS
ARREDOR DA MALLA
Volta e Dalle Teatro



Auditorio Municipal Gustavo Freire 20.30 h.

SINOPSE:

O pan xa non se amasa na artesa, senón en factorías deshumanizadas, nin vén do trigo mallado na eira, senón de fariñas industriais.

Estes cambios supoñen a transformación da nosa sociedade tradicionalmente agraria nunha globalizada.

A desaparición do labor da malla simboliza eses cambios e inspira as catro historias que conforman PAN: A Sementeira, A Segá, A Malla e O Pan.

Do mesmo xeito que as mallas xuntaban toda a aldea, PAN é o resultado dun longo e complexo proceso de creación colectiva no que se implicou todo o equipo de Volta e Dálle.

Catro autores con diferentes concepcións teatrais realizan as súas particulares interpretacións de cada paso que percorría o pan dende a leira á mesa.

DIRECCIÓN:

Nazaret López
Carlos Santiago
Lucho Penabade
X.H.Ribadulla Corcón

ELENCO:

Comba Campoy
María Lado
Pepe Penabade
Alfonso Romeo
Pepe Soto
Mini e Mero

25 marzo

A BOMBILLA MÁXICA
Teatro do Atlántico



Auditorio Municipal Gustavo Freire 20.30 h.

SINOPSE:

Atopámonos diante dun Woody Allen insólito. Desenvolvendo un rexistro absolutamente imprevisible nel, preséntanos un texto de moi alta calidade –esta si sempre esperable do gran director, actor, narrador e guionista norteamericano– que nos sitúa nunha inquietante paisaxe humana.

A vida da familia Pollack, pai, nai e dous fillos adolescentes, atópase nunha etapa difícil, de absoluta infelicidade sentimental, e nunha complicada situación de precariedade laboral. O marido, MAX, con cincuenta anos, xogador compulsivo, está en plena «crise dos corenta» e non dá saída dela. Aterrorizado pola perda da xuventude, aférrase desesperadamente á relación cunha amante nova, BETTY, fráxil e inxenua, que o fai sentirse aínda atractivo e desexable e coa que fabula ao redor de utópicos proxectos de futuro, só baseados na esperanza de gañar nas apostas ou no xogo. A esposa, ENID, aguanta e espera que o vento mude, afrontando como pode a complicada relación cos fillos adolescentes. STEVE, de catorce anos, é unha firme promesa de delincente profesional. PAUL, de dezasete, tatexo e cun C.I. de 148, é vítima dunha insuperable fobia social. E ademais deles está JERRY, un maduro representante de «grandes» figuras do espectáculo, cunha máscara de alegría e humor para ocultar o fracaso...

DIRECCIÓN:

Xúlio Lago

ELENCO:

Manu Fernández
Daniel Lago
María Barcala
Dami Contreras
Lucía Regueiro
Gonzalo Martín Uriarte

TEATRO GALEGO en LUGO

KAMIKAZE

Pistacatro.

Productora de Soños

TE HAS PERDIDO EL MAR

(Versión en galego)

Teatro Ensalle

PAN. CATRO PROPOSTAS

ARREDOR DA MALLA

Volta e Dalle Teatro

A BOMBILLA MÁXICA

Teatro do Atlántico

13 febreiro

TE HAS PERDIDO EL MAR
[Versión en galego]
Teatro Ensalte

Auditorio Municipal Gustavo Freire 20.30 h.

SINOPSE:

“Te has perdido el mar” é resultado dunha situación, é un intento de cambio aínda que sexa a peor, é un ataque feroz á orde establecida, á prohibición por sistema, á quietude somnolenta que un sente ó seu arredor no día a día e na que un teme rematar inmerso. É un grito nacido para non ser escoitado, a responsabilidade de berrar cando todo se precipita, non para paralo, non para cambiálo, para morrer berrando polo menos. Unha profesión insolidaria, un día a día máis difícil da conta, case para suicidas. Samuel Beckett e o seu “Rumbo a peor” zumbando nos oídos.

Tres actores con distintas vivencias, en distintos momentos profesionais: unha, a máis nova, chea de nervios e pensando no día da estrea, disposta a saltar cada paso; outro, máis ou menos experto, enfróntase ó temor de ter que renunciar a unha vida “normal” polo escenario; unha terceira, que xa pasou polas dúas experiencias e decidiu, xa sabe convivir co medo e co éxito. Un ensaio difícil, nada máfis.

Os tres nun espazo neutro xerado só coa luz e o corpo e rodeados por dúas mans xigantes, o político necio que todo o numera, que me quere cortar a man porque non a entende e o recordo dos que quedaron polo camiño, os que agora están aferrados a un carriño de bebé, penseino ben e vou deixar de respirar.

E polo medio, cravando agullas no oído Samuel Beckett e o seu “Rumbo a peor”

DIRECCIÓN:
Pedro Fresneda

ELENCO:
Artús Rei
Raquel Hernández
Fran Buceta

26 febreiro

KAMIKAZE
Pistacatro.
Productora de Soños



Auditorio Municipal Gustavo Freire 20.30 h.

SINOPSE:

Kamikaze é un espectáculo cómico dirixido a todos os públicos no que están presentes teatro, novo circo, ilusionismo e música en directo. Primeiro espectáculo de novo circo no Salón Teatro, a homenaxe a un amigo falecido, o Sr. Kamikaze, é o pretexto para que o espectáculo cobre vida por medio dunhas misteriosas personaxes, que se dan cita nunha cerimonia que repiten solemnemente cada ano para mostrar o seu pesar, ao tempo que defenden un modo de vida artística tan arriscado como persoal.

Este será o punto de partida do espectáculo. Sete persoas que proveñen do circo, do teatro e da música e que, arredor do concepto kamikaze e partindo dunha intención, ensamblan as súas experiencias e coñecementos individuais nunha montaxe innovadora e multidisciplinar.

Con Kamikaze, o Centro Dramático Galego retoma a coprodución con compañías privadas que fora unha liña importante de traballo nos seus inicios. Este acto recíproco non só favorecerá e dará un novo pulo aos grupos galegos, senón que tamén abrirá o Centro a novas experiencias e propostas.

DIRECCIÓN:
Hernán Gené

ELENCO:
Antón Coucheiro
Borja Fernández
Manuel Lago
Alfonso Medina
Xabier Mera
Natalia Outeiro “Pajarito”
Pablo Reboleiro

TEATRO GALEGO en LUGO

VENDA DE ENTRADAS:
No Auditorio Municipal Gustavo Freire, os días das funcións unha hora antes dos espectáculos.
O importe das entradas será o seguinte: zona A, 8 €; zona B, 5 € e zona C, 3 €.



EXCMO. CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura e Turismo

IGAEM | instituto galego
das artes escénicas
e musicais